

# A celebración anacreóntica do viño de Betanzos nos Xogos Florais de 1952

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL\*

## Sumario

O viño de Betanzos é o tema obrigatorio dos Xogos Florais de 1952. Modalidades, composicións e autores que foron premiados no certame.

## Abstract

The theme of wine in the 1952 Floral Games in Betanzos.

*O abrente encheu de rosas a cunca do ceo.*

*Polo aire cristalino pérdese o canto do último reiseñol.*

*O aroma do viño é máis lene.*

Omar Khayyam

O viño é moito máis que unha simple bebida, ten significados culturais profundos, sagrados e míticos e constitúe o suxeito de varias artes entre as que está a literatura. Para Mircea Eliade a «Deusa cepa da vide» representa a fonte permanente da creación natural. As relacións que a literatura establece co viño son dunha riqueza extraordinaria. Desde moi antigo coñécense cancións que cantaban o viño. A temática espállase pola Idade Media e o Renacemento e chega ao Romanticismo e, inevitabelmente, ata os séculos XX e XXI. O elixir de Baco foi un estímulo para a creación artística especialmente cos simbolistas, vangardistas e cos membros da xeración Beat.

Á fermosa poesía sobre o viño feita por autores como Anacreonte, Baudelaire, Neruda e Camilo Pesanha, únense Sophia de Mello Bryner e Avilés de Taramancos. A autora portuguesa en «A Menina do Mar» consegue situar a terra enteira nunha copa de viño dun xeito marabilloso e irrepitíbel. O poeta galego consegue fundir a dozura do viño co amor nunha altura poética inusitada: *Aínda o viño era dóce nos beizos/ e o pavillón do amor ta encravado/ na metade do peito*<sup>1</sup>.

Betanzos, terra dos ríos Mendo e Mandeo, coñécese, entre outras moitas cousas, polo seu viño, denominado por Cunqueiro como «viño cadete»<sup>2</sup>. Foi orixe de moitas composicións literarias, e temática obrigatoria dos Xogos Florais organizados polo Excelentísimo Concello de Betanzos no ano 1952 con motivo das festas patronais. Precisamente Cunqueiro foi o encargado de abrir o acto de entrega de premios do certame no que don Ramón Otero Pedrayo figuraba como mantedor.

O consello directivo encargado da organización deste certame literario-artístico redactou o programa-temario resumido nestas palabras: «Solemne e entusiasta louvanza do noso soado viño, ledo e xalgareteiro como unha muiñeira». O viño era o centro das composicións literarias e artísticas. Os temas eran doce e doce tamén os premios que a continuación reproducimos:

\* Concepción Delgado Corral, betanceira, é doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrática de Lingua e Literatura do instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.

<sup>1</sup> AVILÉS DE TARAMANCOS, Antón. «Crónica de Bernaldo Fros». Cantos Caucanos, 1985.

<sup>2</sup> Cunqueiro compara Betanzos coa Provenza pola paisaxe e a fama dos seus viños. Do betanceiro afirma que non pode dicirse que forme parte da familia real dos viños, é un viño cadete, mais se un día houbese que procurar un infante para emparentar coas princesas da gran familia vinícola, necesariamente teríamos que contar co betanceiro.

- I.- La vendimia de las Mariñas. Poesía descriptiva escrita en gallego, con libertad de metro. Premio: MIL PESETAS.
- II.- Elogio del vino betancero. Poema en castellano, también con libertad de metro. Premio: MIL PESETAS.
- A Flor Natural, supremo galardón, a xuízo do xurado, sería para unha das dúas composicións anteriores.
- III.- Vendimiadora brigantina. Tríptico de sonetos, en gallego o castellano. Premio: QUINIENTAS PESETAS.
- IV.- El cultivo de la vid en las Mariñas. La producción vinícola de la comarca brigantina en los últimos cinco años. El aguardiente del país. (Notas informativas). Premio: QUINIENTAS PESETAS.
- V.- Valor higiénico y terapéutico de las uvas y vino betanceros. Premio: QUINIENTAS PESETAS.
- VI.- Normas para la celebración en Betanzos de cursillos vitivinícolas. Premio: QUINIENTAS PESETAS.
- VII.- Cuento en gallego relacionado con el vino del país. Premio: QUINIENTAS PESETAS.
- VIII.- «Autorretrato del buen bebedor». Artículo periodístico en castellano. QUINIENTAS PESETAS.
- IX.- Folklore referente al vino de Betanzos. Premio: QUINIENTAS PESETAS.
- X.- Colección de dibujos en color sobre algunos de los temas anteriores. (Tamaño: 22 por 31 centímetros, aproximadamente). Premio: MIL PESETAS.
- XI.- Boceto en yeso de la imagen del Patrono de la ciudad, portando el tradicional racimo de uvas. Premio: QUINIENTAS PESETAS.
- XII.- «Este agudelo meigo...» Melodía gallega para canto y piano. Letra alusiva al vino de Betanzos. Premio: MIL PESETAS.

Formáronse diferentes xurados que estiveron integrados por Manuel Casás Fernández, Presidente da Real Academia Galega, Leandro Carré Alvarellos, académico, Sebastián Martínez Risco, académico, Antonio Carballo Tenorio, académico, o franciscano Francisco Blanco de la Rosa, Víctor Pariente Herrejón, director da Banda Municipal, José Veiga Roel, debuxante, e Javier Teijeiro Bugallo, escritor.

O xurado encargado de decidir os premios literarios estaba constituído por Manuel Casás, Leandro Carré Alvarellos, Antonio Carballo Tenorio e Sebastián Martínez Risco.

A Flor natural foi para o poema en castelán de don Vidal Camazón Delgado, da Coruña, titulado «Anunciación en el Mandeo»:

### Anunciación en el Mandeo

#### I

La anunciación temprana  
ganó la voz en el temblor del día  
y la llamada verdecida  
denunció tu presencia  
en las perlas ganadas a la aurora.  
Por verdores de entrañas florecientes  
se abrió paso la luz  
y blandamente en los sarmientos-novios

ha roto el sol sus desgarradas venas.  
Atrás, atrás quedaron  
segadoras navajas de los hielos;  
atrás quedó una suave primavera  
y el repique de gloria tras su paso.  
Reposan las raíces de tus cepas  
prisas de abril y colmo de los junios.  
¡Qué alegre anunciación en el Mandeo!

II

Palpitante de fillos de vendimia,  
loco temblor del cauce de la herida,  
del sarmiento quedó viuda la pulpa  
gloriosamente espléndida.  
Alalás y muiñeiras  
-frente a la mar huída  
que se turba del gozo de la aurora-  
posan el cargamento de corales  
en el pórtico joven del destino.  
¡Desolladero vegetal –bodega!-  
Has quedado desnudo castamente,  
zafada la epidermis prisionera,  
llevando ese delirio de limones  
para sentirte vino en carne viva.  
Ruedas por el lagar: -Llama de mosto  
de un vaso que nos doma con su mimo-  
y en hilos de cristales relucientes,  
cual rompimiento célico de nubes,  
desciendes a las cárceles de pino  
o en estrechez de vidro te limitas...

III

(Lo que el poeta vió...)  
(Una vez el Mandeo, de puntillas,  
solemne, vertical, erguidamente,  
abandonó su manto de rocío;  
púsose camisola  
de espuma en rizos hasta el alto cuello,  
pantalón de color de monte en sombras,  
las sandalias de pluma estremecida  
con latidos del alba aprisionadas...  
Le tiró un mordisco al tiempo  
su antigo traje de novia;  
de naftalina de estrelas  
colmó el satén de su bata  
y la guardó en el arcón  
de un lucerito redondo.  
Se puso el traje de calle...  
y un calambre de ventisca  
rizó el brazo del Mandeo...  
De los cielos se colgaron  
ruedas de voces y sombras  
y el murciélago del chisme  
movió sus alas viscosas...  
-¡Dios nos bendiga el milagro  
de este vino en las gargantas!...-


Yo les he visto, sí, yo les he visto  
-ella pálidamente estremecida,  
el la manga hasta el codo arremangada-  
reir sin freno, estribos y sin bridas  
al trote sobre el néctar de «Dopico»...

El aire del alba puso  
piedra de fuego en su honda,  
crujió el cáñamo del viento  
y el sol rebotó en el alba...  
Después... la luna y el río  
-¡al mar qué envidia le daba!-  
entre caricias de brumas  
comentan..., ríen... y sueñan...

Si todo lo que vi fué una quimera,  
si no fué así... Dejad que se la lleve  
con su hueste de imágenes el río...)

IV

Entonan alabanzas a tu vino  
marinos con tatuaje, retostados,  
el soldado que elogia sus campanas,  
el bachiller filósofo y pedante,  
el viejo que en la «tasca» se solaza  
y el licenciado que discute al cura  
el sentido teolóxico del Dante...  
Yo te canto, Betanzos, en tu vino  
novio de las gargantas  
y canto a tu ribera  
-nodriza no agotada-  
dulce y multiplicadamente herida  
por dardos que el sol quiebra en el Mandeo.  
En cárceles de vidro sepultado,  
bajo los lacres rojos,  
eres sangre de mil luceros infinitos,  
arco de sol y punta de navaja,  
eres espada, miel, burbuja, brío...,  
desvelo de anfitriones..., rito..., ensueño...  
mil faunos retozones.  
Cuando la sed por ti se desvanece  
¿Qué cantan las gargantas  
con juguetones aires domingueros...?  
Mi labio va encantado a tu burbuja  
como el aceite-bálsamo a los músculos  
de antiguos luchadores...  
¡Bien conjugaste fama y señorío,  
ahijado de los dioses,  
primer hijo del Sol, glorioso vino!



No tema I, a única poesía presentada baixo o lema «Anduriña» non se considerou con méritos suficientes para outorgarlle o premio establecido. Recoñecéndolle un mérito relativo por non recibirse outros traballos, o romance de Gumersindo Díaz García, de Vigo, foi premiado cun accésit. Reproducimos a continuación o romance gañador:

**A vendima nas Mariñas<sup>3</sup>**

Baixeí do ceo por verte,  
miña pelra betanceira;  
veño parolar contigo  
e traquerche unha pormesa  
de rayolas de fartura  
que este vate che desexa,  
un orballo de amorosías,  
un meigo brilar de estrelas  
que arrinqueeí do firmamento  
para darche en recompensa  
da groria que nos deixaches  
cos teus viños, y a riqueza  
que atesouran de virtudes  
para escorrentar as penas.

Veño xunto tí, de lonxe,  
porque a saudade me alenta  
a recordar moitas cousas,  
que inda que xa o Mundo seiba,  
quero deixalas escritas  
nun romance, en esta fecha  
en que os pinceles do tempo  
deixan nas uvas súa renda.  
Veño ver ese milagre  
das uvas mouras e pretas  
penduradas nas videiras  
coma unha firme pormesa  
de eilixir para a saúde  
e fartura para as mesas.  
E entre tódalas belezas  
que atesouras, vexo esta  
que me calou máis adentro  
no meu numen de poeta:  
a vendimia nas Mariñas,  
que é o paraninfo onde asentan  
dignidades de laboura  
entre esplendores de festa.

Ay, vendimias en Betanzos...!  
Cantos sospiros me levan!  
Porque sempre me recordan  
aquelel enxame de avellas  
libando o saiboso mosto  
que ferve nas túas bodegas.  
Quero ver, coma outras veces,  
aquelas mociñas frescas  
carrexando as mouras uvas  
que brillan riba das cestas;  
coas chambras arremangadas,  
cos labres coma cireixas;  
na man esquerda un racimo,  
o coitelo na dereita;  
esta corto; aquela deixo,  
porque inda hay graus verdes nela  
e hay que conservar prestixios  
de unha sana colleita.  
Despois, cantando ai-la-la-las  
ir camiño das bodegas  
onde a tinalla as agarda  
e onde o mosto pestenexa.


Cando o vran vai de romate  
e cando o outono se acerca,  
as Mariñas de Betanzos  
visten súas galas de festa,  
e por riba delas brillan  
unhas pingueiras resacas  
de sangue das nosas vides,  
do néctar das nosas terras,  
que orgulecen estas zonas  
e dan groria a España enteira.

Aquel viño cantareiro,  
que é como o sangue das venas,  
que inspira a cántolo beben,  
que alegra a quen teña penas,

<sup>3</sup> Este título substitúe o inicial «Para viño bo, Betanzos».

que fai resucitar mortos  
e que hastra a gloria nos leva,  
non pode faltar nas bodas,  
é o mellor pregón das festas;  
é aquel que nos bauticeiros  
sirve de bandeira e mecha  
facendo explodir as ansias  
dunha diversión honesta.  
Na casa rica, haino sempre;  
na probe, se nela hay festa;  
no estío, por mor da sede;  
e no inverno porque quenta,  
e se os ángeles beberan  
algo nascido da terra,

pagarano a precios de ouro  
se de Betanzos viñera.  
Cando o sol se vai poñendo  
tras dos pinos, trala serra,  
e van quedando ás escuras  
os chousales de espalleiras,  
queda frotando no aire  
unha melodía tenra  
que broslan os vendimiantes  
dende o fondo da bodega:  
«SE BUSCAS MULLER BONITA  
OU VIÑO BO, NESTA TERRA,  
TERÁS ESAS DÚAS RIQUEZAS  
SE A BETANZOS VÉS POR ELAS»



No tema terceiro presentáronse dous únicos trípticos de sonetos e non sendo, na opinión do xurado, merecedores do premio ningún dos dous acordouse repartir a cantidade fixada para o mesmo entre ambos. Baixo o lema «Rosalía» do tríptico en galego co título «Vendimiadora brigantina» está o autor vigués Gumersindo Díaz García que case monopoliza estes Xogos:

#### **Vendimiadora brigantina**

Cando te vin andar, por vez primeira,  
entre chousas de viña, arremangada,  
maxineime un palacio: eiquí a Fada  
que se quixo vestir de betanceira.

Portento de muller vendimiadora,  
pranta de meigas froles sin espiña:  
dime, ¿que é o que lle fas á túa viña  
que nunca rendeu tanto como agora?

Despois, vinte cortando, na espalleira,  
unha piña tras doutra, enfaenada.  
O aire era un murmurio de alborada;  
o río iba bicando na xunqueira.

Ó embruxo desa fala que namora  
van saíndolle cores ás uviñas.  
Non é o sol quen as pinta encarnadiñas;  
é o teu mirar de fogo quen as dora.

Namoreime de ti coma un toliño,  
betanceira, xenial vendimiadora,  
co teu traxe perlado polo viño.

Cando algunha se queda retrasada  
encólleseche o peito nun sospiro  
por aquela ovelliña escurriada.

Despois, imaxinei que era-la aurora  
que viña despertarme nun camiño  
cando do amor me rira hastra esa hora.

Cada vez que ó pasar triste te miro  
vay toda a miña yalma nunha ollada,  
e mudo te bendigo e te ademiro.

Roiba vendimiadora betanceira,  
laberca cantarina das Mariñas  
que escapaches do cuadro das «Meninas»  
para face-lo niño, a esta ribeira.

Dime como se cuida unha cepeira;  
porque saen as uvas redondiñas,  
se é produto das artes brigantiñas  
ou se Dios te dotou desta maneira.

Dime, por fin, xenial vendimiadora,  
se no meu camiñar de escuridades  
inda poido topa-la nova aurora.

Se a groria dos teus froitos me negades,  
non bebo máis do viño que elabora  
a vosa betanceira maxestade.

Reproducimos os tres sonetos da autoría de Julio Rodríguez Yordi, escritos en castelán e presentados baixo o lema de «Fecundidade»:

### **Vendimiadora brigantina**

#### **I**

¿Cómo cantarte a ti, vendimiadora,  
si eres canto tú misma? ¿Cómo hacer  
tu lírica alabanza, si en ti mora  
más alma de deidad que de mujer?

Nacida en la comarca que edulcora  
las brumas de la mar, todo tu ser  
a un tiempo tiene de Pomona y Flora  
y de rapaza que hace enardecer.

Muestra tu porte airoso la arrogancia  
nativa de los hijos de Brigancia  
donde las piedras gritan sus linajes.

Y es el tuyo de todos el más puro,  
porque te viene del confín oscuro,  
limpio de orgullos y de vasallajes.

#### **II**

En medio del oleaje de la viñas,  
en el que se diría que naufragas,  
vendimias, que es dejar a las Mariñas  
sin los copos de espuma de sus vagas.

Y desprendiendo las fragantes piñas  
del gozo del trabajo te embriagas  
y te ven exultante las campiñas  
como la reina de las tierras magas.

Eres otro racimo del viñado,  
el más prieto, el más fresco y el más ledó;  
es tu espíritu como un licor fino,

remedo de las uvas son tus ojos,  
tienen zumo de vid tus labios rojos  
y es tu risa tan sana como el vino.

#### **III**

Te refresca la frente suave oreo,  
en la faena otoñal, de dulce brisa  
que mece el pámpano, y es su balanceo  
equivalente a vegetal sonrisa.

Iluminada por claror febeo  
ante el altar de vides dices misa  
y en las vegas del Mendo y del Mandeo  
te transfiguras en sacerdotisa.

Por una no aprendida taumaturgia  
dás cumplimiento a toda la liturgia  
de la cosecha que placer trasmina;

y es que cada racimo, cada grano,  
encierra tu alma, lo más bello y sano  
de ti, vendimiadora brigantina.

No tema sétimo concedeuse o premio ao conto contra os invasores franceses «O viño vingador» que, baixo o lema «O viño ergue os corazóns», presentou Ramón Villar Ponte. O titulado «Un viño menciñal» de Álvaro Paradela, presentado baixo o lema de «O ilixir de lediza», recibiu un accésit.

No tema octavo, autorretrato do bo bebedor, o xurado considerou que o traballo presentado co lema «In vino pax» era un plaxio do que co título de «Historia de las tabernas gallegas» fora publicado por Álvaro Cunqueiro na revista *La semana vitivinícola*. Concedeuse o premio ao artigo co lema «Como canta ao caír nas brancas cuncas» e un accésit ao presentado como «En primera persona».

O xurado musical formado polo franciscano Francisco Blanco e Víctor Pariente concedeu o premio á melodía galega para canto e piano de Landín Pazos, de Marín, e un accésit a Manuel Fernández Amor, da Coruña. A cantiga de Landín, presentada baixo o lema «Para mariñeiros nós», é a que a continuación reproducimos, co título «Este agudelo meigo»:

### Este agudelo meigo

(Louvanza do viño betanceiro)

I

Non sei que tes paisaniño,  
non sei que tes viño albeiro,  
que xa desde ven cediño  
eres o meu compañeiro.  
Coñecémonos na viña  
xa ven preto do galleiro,  
e levácheme á festiña  
aquele día lagareiro.

Este agudelo meigo mariñán  
non é un amigo que é un hirmán.

II

Ris pra min si eu me río,  
choras si me ves chorar,  
dásme calor si vai frío,  
ventiño ó verme sudar.  
Sabes festeiro si hay festa,  
bailas ó pórme a bailar  
e aturuxas pola enfaesta  
ó sintirme aturuxar.

Este agudelo meigo mariñán  
non é un amigo que é un hirmán.

III

Cando vamos de troulada  
¿quen nos pode separar,  
si contigo a camiñada  
é tan boa de levar?...  
Vés chamarme coa alborada  
pra contigo ir a misar  
e me deixas na almofada  
cando me vou a deitar.

Este agudelo meigo mariñán  
non é un amigo que é un hirmán.

IV

¡Cantos segredos calamos,  
ledo viño fidalgueiro!  
¡Cantas lembranzas gardamos  
daquel tempiño algareiro!  
Cando chegue a miña horiña  
non me deixes, betanceiro,  
soio na miña caixiña  
mentras chora o campaneiro.

Este agudelo meigo mariñán  
non é un amigo que é un hirmán.







*Don Ramón Otero Pedrayo, mantedor do certame, coa raíña.*

A cantiga que musicou Manuel Fernández Amor, baixo o lema «Camiño dos Caneiros», é esta:

Si parades en Betanzos  
non debes de marchar  
sin beber o rico viño  
que as súas ribeiras dá.

Déchesme unha taza rota  
foise o viño polo auxeiro  
pero quedou unha gota  
do meu amor verdadeiro.

Sopla o vento no Mandeo  
San Roquiño amarra o can  
Brigantia dos Caballeros  
canto tés par o ven pasar.

Enche o fol da túa gaita  
repica ven pandeiriño  
non hay mellor medicina  
que viño e pan, pan e viño.

O que vai polas Mariñas  
en xaneiro ou no vrán  
louva todas túas viñas  
bebe sangue do teu chan.

Non hay festa nas Mariñas  
que falte o viño da terra  
os que van pra os Caneiros  
levan sempre a bota chea.

No tema noveno outorgouse un premio ao único traballo de recopilación folclórica presentado por Ramón Villar Ponte e Juan Naya Pérez, autores que repetían con traballos presentados na modalidade de conto, o primeiro, e de artigo xornalístico, o segundo. Reproducimos a continuación os cantares populares e refráns que, como ben aclaran os autores, non pertencen na súa totalidade ás terras brigantinas.

#### **Cantares**

Cando o orballo dar peras  
Y o amieiro dar uvas  
Anse cree as verdades  
Dos homes das barbas rubias.

Aquela vella porque era vella  
Quer que lle fagan a cama de pedra,  
E de almofada un can polo rabo  
Cando desperte que bote un trago.

Eu ben vin estar a morte  
Comendo nun cacho de uvas.  
Vaite de ahí morte negra,  
Desamparo das viúdas.

O rey mandoume unha carta  
Dentro dunha mazaroca,  
Que as mulleres beban viño  
E os homes agua choca.

Anque son alá de arriba,  
Natural da Carrasqueira,  
Tamén sei bebe-lo viño  
Como os guapos da Ribeira.

O rey mandoume unha carta  
Dentro dun figo maduro,  
Que as mulleres beban viño  
Y os homes mexos de burro.

Canta gordo, canta gordo,  
Meu hirmán Santiaguiño;  
Canta gordo, canta gordo  
Mentras eu che sirvo o viño.

Se te casares meniña,  
Cásate cun arrieiro,  
Que chei de dar a beber  
Un bon viño betanceiro.

Anque che son da Mariña,  
Da Mariña de Betanzos,  
Anque che me gusta o viño  
Non che vendo garabanzos.

Eiche de dar as castañas  
se o castiñeiro as ten.  
dareiche unha piña de uvas  
para o San Miguel que vén.

Se queres que cheu escriba  
mándame papel de liño,  
mándame tinta e tinteiro,  
mándame un xerro de viño.

De correr veño cansado,  
de cansado me sentei,  
bebín un xerro de viño  
e agora descansarei.

Catro follas ten a cepa;  
aquí está quen as cortou.  
Se queres casar connigo  
fala con que me criou.

Ei dir unha noite ás uvas  
anque me coste un sayal,  
eime de coller do dono  
se me o bagullo fai mal.

Ahí vén os mozos do Outeiro,  
ahí vén os de San Martiño,  
ahí vén a fame do mundo:  
non cataron nunca o viño.

Fun a Betanzos por viño  
e emborrachoume unha nena.  
Non quero máis do Betanzos  
que inda me doi a cabeza.

As garelas de Betanzos  
cando van en procesión  
levan un xerro por santo  
e un pelexo por pendón.

Do outro lado do río  
vai un home pola ponte,  
leva un pelexo de viño  
castañetas de somonte.

Á túa porta, meniña, sementei os garabanzos,  
tamén sementei amores  
entre as mozas de Betanzos.

Farruquiño, Farruquiño,  
Farruquiño, meu amor,  
se beberas menos viño  
eu che quixera millor.

### Refraneiro vinícola

Hastra o San Pedro, conservarás o viño detrás dun penedo.  
Montes entre montes, viñas entre viñas, e as túas fillas entre boas veciñas.  
O que non vima, non vendima.  
O que non bebe viño nin fuma tabaco, o demo llo leva por outro buraco.  
O viño branco e a muller, o primeiro en merecer.  
O que co demo cava a viña, co demo a vendima.  
Por Santa Mariña vai a ver a túa viña, e tal a acharás tal a vendimarás.  
Polo San Lourenzo, xa se enche de uvas o lenzo.  
Viña de cuba grande, e caldo de pote pequeno.  
Mora madura pica a uva.  
Son cañas, non chas quero; dixo a raposa cando veu a parra vendimada.  
O que non ten casa nin lagar, cada ano o seu pesar.  
Do San Miguel pra riba, non se senala vendima.  
Despois do San Miguel vendima quen quixer.

En agosto arder, e en setembro beber.  
Non necesita auga a uva, desde a nacemento hastra a cuba.  
O viño mosto ha de quedar feito de agosto.  
Polo San Miguel, uvas e figos os que quixer.

O xurado artístico formado por José Veiga Roel e Javier Teijeiro Bugallo acordou conceder o premio á colección de debuxos de Álvaro Cebreiro e un accésit á presentada por Ramón Villar Chao. No tema XI concedeuse un accésit ao boceto en xeso de Ramón Lafita.

Nos Xogos Florais de 1952 o viño de Betanzos actúa como o elemento impulsor da creación artística e, o que nos interesa máis, da creación poética. Coinciden os poetas no «carpe diem», na exaltación da vida, na celebración do pracer anacreóntico do viño e na concepción da paisaxe mariñá como o xardín do paraíso das bebidas e dos recendos.



*Don Ramón Otero Pedrayo acompañando á raíña dos Xogos Florais.*